



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

## **ANUNCIO**

A Alcaldía deste Concello por Resolución do día 12 de xuño de 2018, adoptou o seguinte acordo

Vista a resolución do xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que lle concede ao Concello de Muros unha subvención por un importe de 22.500,00 € para a contratación durante nove meses de dúas persoas desempregadas para a execución do servizo “Limpeza forestal e retirada da biomasa das zonas públicas”, segundo a subvención solicitada ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2017 (DOG nº 26 de 6 de febreiro de 2018).

Visto o informe de fiscalización da intervención xeral de conformidade de data 12 de xuño de 2018

### **RESOLVO**

**PRIMEIRO** Aprobar as bases que han de rexer a selección de dous postos de peón forestal durante nove meses en base á subvención concedida para o fomento do emprego no medio rural, e que se transcriben a continuación:

### **BASES QUE HAN DE REXER A SELECCIÓN DE DOUS PEÓNS FORESTAIS DURANTE NOVE MESES EN BASE A SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL.**

#### **1 Obxecto da convocatoria**

1. Presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia para a contratación de dous postos de peón de limpeza forestal durante nove meses a xornada completa, en base á subvención concedida ao Concello de Muros ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 31 de decembro de 2017 (DOG nº 26 de 6 de febreiro de 2018), segundo o previsto no artigo 14 da orde citada.

#### **2 Obxecto da convocatoria**

Ten por obxecto esta convocatoria, a selección para a contratación temporal a tempo completo mediante contrato de duración determinada de interese social de dúas persoas para a limpeza forestal durante nove meses. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei. As funcións a realizar serán as tarefas previstas no proxecto “Limpeza forestal e retirada da biomasa das zonas públicas”, para o cal se



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

concedeu esta subvención. Este proxecto rematará aos nove meses do seu comezo. A xornada será de luns a domingo cos descansos que establece a lei.

### **3 Características do posto**

Área de subscrición: Medio Ambiente

Denominación dos postos: peón

Grupo de clasificación: V

Outros coñecementos: CELGA 2 ou equivalente

Funcións: As funcións a desenvolver consisten nas tarefas de limpeza forestal e medioambiental. Así mesmo, realizarán aquelas outras tarefas que lle poidan ser encomendadas polos órganos municipais e polo seu superior xerárquico para a satisfacción das necesidades propias do servizo.

### **4 Sistema de selección**

O sistema de selección será de concurso-oposición, que se valorará de acordo co baremo establecido no punto 7 destas bases.

### **5 Requisitos das persoas aspirantes**

Para a admisión das persoas aspirantes deberán de cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non padecer enfermidade nin estar afectadas por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións propias do posto de traballo.
- b) Non ter sido separadas do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitadas, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- c) Estar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, e manter a condición no momento da realización do contrato laboral.
- d) Non ter sido contratado por un período superior ou igual a nove meses no ano 2017 con cargo ás axudas en materia de políticas activas de emprego, segundo o previsto no artigo 14.2 da orde que regula esta subvención.

### **6 Admisión das persoas aspirantes**

Recibida a relación de persoas do Servizo Público de Emprego, publicarase na páxina web a relación remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, sinalando a data de realización do primeiro exame. A persoa aspirante deberá de acreditar antes da realización do primeiro exame que cumpre os requisitos previstos no punto 3 destas bases, así como dos méritos que se queiran alegar en relación ao punto 7.

### **7 Tribunal cualificador**

O Tribunal de selección estará composto por:



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

PRESIDENTE/A: Joaquín José Barreiros Pais; suplente: Jesús Lariño Vara

SECRETARIO/A: Eva Tajés Pérez; suplente: Noelia Louro Louro

VOGAL: Armindo Fernández Fernández; suplente: Manuel Lago Figueiras

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando neste concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

O Tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de polo menos dous dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia da presidencia e da secretaría ou das persoas que legalmente as substitúan.

## **8 Procedemento selectivo**

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único mediante anuncio na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando decaídas no seu dereito as persoas que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal.

O Tribunal publicará todos os acordos na páxina web e no taboleiro de edictos do Concello de Muros.

O procedemento selectivo será o de concurso-oposición, podendo as persoas aspirantes acadar ata un máximo de 24 puntos, e que se desenvolverá como se detalla a continuación:

### **A. Fase de oposición, ata un máximo de 19 puntos**

#### **a) Primeiro exercicio, ata un máximo de 10 puntos**

Consistirá na contestación por escrito, nun tempo máximo de media hora, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas relacionadas co programa anexo ás bases.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio e a súa puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter un mínimo de 5 puntos para superalo. As preguntas contestadas correctamente puntuarán 0,5 puntos,

**b) Segundo exercicio, ata un máximo de 6 puntos**

Consistirá na realización dunha proba práctica co fin de demostrar a capacidade da persoa aspirante para realizar os traballos relacionados co posto. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio debendo obter un mínimo de 3 puntos para superalo. O tempo de realización será dun máximo de 20 minutos. O Tribunal determinará cal é o número de coñecementos necesarios para alcanzar os 3 puntos.

Só realizarán este exercicio as persoas que superen o primeiro exercicio.

**c) Terceiro exercicio, ata un máximo de 3 puntos**

Está proba será obrigatoria para as persoas que non acrediten estar en posesión do nivel de galego requirido (CELGA 2 ou equivalente). A proba terá como referencia os modelos empregados para cada nivel pola Secretaría Xeral de Política Lingüística para as probas de acreditación dos Certificados de Lingua Galega (CELGA). As persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente terán unha puntuación de 3 puntos.

Unicamente se publicarán as cualificacións das persoas que superaron cada proba, o que se fará mediante anuncio no taboleiro e na páxina web do Concello de Muros, dispoñendo dun prazo de dun día para presentar as reclamacións que considere oportunas.

**B.- Fase de concurso de méritos, ata un máximo de 5 puntos**

Rematada a fase de oposición realizarase a fase do concurso e serán obxecto de avaliación os seguintes méritos:

A experiencia laboral na mesma categoría que deberá acreditarse conxuntamente por medio de informe de vida laboral e copia dos contratos de traballo. No caso de ter traballado nalgunha administración pública as copias dos contratos de traballo poderán ser substituídas por medio do certificado da administración contratante do tempo traballado na categoría correspondente. A experiencia laboral no Concello de Muros será acreditada polo propio concello previa declaración dos servizos prestados.

**a) Experiencia profesional, ata un máximo de 3 puntos**

Por experiencia profesional acreditada no desempeño de postos de traballo de semellantes características (construción, carpintería, fontanería e electricidade): 0,20 puntos por mes de servizo.



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)

**b) Formación, ata un máximo de 1 punto**

Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas relacionadas co posto de traballo.

- Cursos de máis de 100 h: 0,75 puntos.
- Cursos de 50 a 100 h: 0,50 puntos.
- Cursos de 16 a 49 h: 0,25 puntos.

**c) Carné de conducir, ata un máximo de 1 puntos**

Estar en posesión do carné de conducir B: 1 puntos

No caso de existir empate na puntuación final, establécese, con carácter supletorio, e como criterio de prioridade a obtención da nota máis alta no primeiro exercicio da oposición e, de ser preciso, nos sucesivos, segundo a orde establecida nestas bases. Se continúa o empate, optarase polo maior tempo sen traballar do/a aspirante que se acreditará coa vida laboral. O Tribunal sinalará os candidatos ou candidatas que deben presentar o informe de vida laboral.

**9 Resolución**

Concluído o proceso selectivo, o Tribunal publicará as puntuacións acadadas por cada unha das persoas por orde decrecente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web: [www.muros.gal](http://www.muros.gal), propondrá ás persoas preseleccionadas segundo orde e establecerá un prazo de dous días naturais dende a publicación da lista para a presentación de reclamacións. No caso de existiren estas, reunirase novamente o Tribunal para resolvelas.

A comunicación da selección da persoa candidata realizarase telefonicamente, deixando constancia do resultado do chamamento pola persoa que o realiza. Se a persoa candidata rexeita a contratación pasará ao último posto da lista, O chamamento farase sempre empezado pola primeira persoa dispoñible da lista. Coas persoas restantes elaborase unha bolsa para cubrir posibles vacantes neste proxecto.

A proposta do Tribunal, aprobada por Decreto da Alcaldía, notificarase ás persoas interesadas para que subscriban o contrato laboral.

**10 Incidencias**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento deste proceso selectivo e en todo o non previsto nas bases, así como para a interpretación destas.

**11 Normativa aplicable**

O proceso selectivo rexerá polo establecido nestas bases. Para o non previsto nelas, será de aplicación a lexislación vixente.



## **CONCELLO DE MUROS**

(A Coruña)

### **12 Financiación.**

O proxecto financiarase con recursos procedentes da Xunta de Galicia e do Concello de Muros, imputándose os custes laborais en cuantía conxunta non superior a 25.237,82 euros, nas partidas do Orzamento municipal de 2015- prorrogados 08-450.13102 e 08-450.16000. As retribucións dos postos de traballo quedan fixadas en 1.115,67 euros brutos mensuais, por todos os conceptos, mais a indemnización por remate de contrato.

### **13 Recursos**

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes perante o propio órgano que a ditou, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña. Os prazos contarán desde o día seguinte á publicación da resolución.

Se se interpón o recurso de reposición, non se poderá acudir ao Contencioso-Administrativo ata que o Concello resolva expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta. O prazo de que dispón o Concello para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será o de un mes contado desde a presentación do recurso. Unha vez transcorrido ese tempo sen que se ditase e notificase a resolución, entenderase desestimado o recurso de reposición para os efectos de interpoñer o contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que xulgue oportuno.

### **ANEXO I. TEMARIO**

Tema 1. Materiais e EPIS utilizadas na limpeza medioambiental.

Tema 2. Toponimia do Concello de Muros.

Tema 3. Ferramentas de limpeza medioambiental, tipo, usos, mantementos, e destreza no seu manexo

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto por importe de 19.441,61 euros en concepto de retribucións salariais totais e por importe de 5.796,21 euros en concepto de cotas da Seguridade Social a cargo da Entidade, con imputación respectivamente ás partidas 08-450.13102 e 08-450.16000 do Orzamento municipal de 2015 - prorrogadas (proxecto núm. 2018/3/APROL/1).

**TERCEIRO.-** Dar traslado deste acordo a intervección e dar conta ao pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre



**CONCELLO DE MUROS**  
(A Coruña)